

1987



“Querendo un gran poema cantar, dúbidas teño; que se falo galego non me entenden; e a cantar castillán non me comprendo. Así mesmo preguntome, se en prosa hei de escribir ou ben en verso; e ríome soíña deste meu dubidar; que é un aletexo igual ó dun poliño que se debate, coidándose atrapado no poleiro por un espanta-paxaros de trapo movido polos ímpetus do vento. Ninguén ha de le-lo meu escrito nin naide ha de folla-lo meu pensamento... abonda con deixar corre-la pruma; abasta con cumprilo meu desexo. ¡Lectores... quen os vira, malpocado! Couberan nun puñiño ven pequecho!..”

Néveda (1920)

FRANCISCA HERRERA

(A Coruña, 1869 – 1950)

Foi unha escritora galega e a primeira muller membro da Real Academia Galega. Escribiu en galego e castelán e cultivou a poesía, a novela e os relatos curtos. Muller conservadora e profundamente relixiosa, no seu traballo atopamos influencias de Rosalía de Castro e un coidado uso da lingua. A súa temática xira entornao ao papel da muller no mundo rural, vista como ser sacrificado, virtuoso, humilde e, ás veces, resignado.

GRANDES ÉXITOS



1920

Néveda (1920) é unha novela que relata a vida dunha muller e reflexiona sobre como ten que educar a súa filla. A trama desenvólvese entre A Coruña e Oleiros, lugares nos que viviu a autora.

Sonrisas e bágoas (1913) é un poemario no que, seguindo o estilo rosaliano, lles pon voz ás xentes do campo.



1913



1915

Almas de muller... ¡volallas n'a luz! (1915) é un conxunto de poemas máis extensos sobre a resignación e as penalidades das mulleres.

“Editou unha novela longa titulada *Néveda* na que a pobreza argumental está compensada por unha linguaxe ricaz e chea de coorido.”

Historia da literatura (1984), Francisco Fernández del Riego

